aceptada ficando vacante a representación de tal distrito na corporación. Xa que logo, a composición da corporación provincial será a seguinte:

Deputados provinciais (20-08-1854 / 30-07-1856)						
	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Inicio período sesións	Fin período sesións
1	Patiño	Juan Ramón	Deputado	Cambados	20-08-1854	30-07-1856
2	Amores	Ángel	Deputado	Cañiza, A	20-08-1854	30-07-1856
3	Martínez Saco	Ramón	Deputado	Redondela	20-08-1854	30-07-1856
4	Arias Seoane	Antonio	Deputado	Ponteareas	20-08-1854	30-07-1856
5	Areal	Antonio	Deputado	Tui	20-08-1854	30-07-1856
6	Fontano	Atanasio	Deputado	Vigo	20-08-1854	30-07-1856
7	Pereira	Juan Manuel	Deputado	Lalín	20-08-1854	30-07-1856
8	Quiroga y Losada	José	Deputado	Caldas de Reis	20-08-1854	30-07-1856
9	Suárez	Valentín	Deputado	Ponte Caldelas	20-08-1854	30-07-1856
10	Santos	José María	Deputado	Pontevedra	20-08-1854	30-07-1856
11	Fontenla	Juan Manuel	Deputado	Tabeirós	20-08-1854	30-07-1856

Desta forma, tan só catro dos once deputados provinciais estarían en posesión da súa acta a altura de abril de 1843 polo que podemos observar un claro incumprimento do Real Decreto do 7 de agosto de 1854 no que respecta ao restablecemento da corporación provincial que actuaba naquel momento.

Por tal motivo, na sesión **do 30 de agosto de 1854** dáse conta de dous escritos de protesta remitidos polos exdeputados provinciais polos Partidos Xudiciais de Vigo e Redondela, Ramón Buch e Leodegario Rubín, contra a designación dos representantes de ditos distritos dado que non eran deputados provinciais en abril de 1843. A pesar de que ambos ostentaban ditos cargos naquela altura, o Pleno non aceptará a protesta.

Na sesión **do 2 de setembro de 1854** dáse conta do cesamento do deputado do distrito de Vigo, Atanasio Fontano, por teren sido nomeado Secretario do Goberno Civil.

Na sesión **do 8 de setembro de 1854** dáse conta do nomeamento do deputado do Partido Xudicial de Caldas de Reis:

1854-09-08 → José Quiroga y Losada Caldas de Reis

Na sesión **do 14 de setembro de 1854** deuse conta do nomeamento, en substitución do dimitido Atanasio Fontano, polo Partido Xudicial de Vigo:

1854-09-14 → José Ramón Fernández Vigo

Na sesión do **22 de setembro 1854** dáse conta dunha Real Orde do 6 de setembro recoñecendo a lexitimidade dos nomeamentos dos deputados dos Partidos Xudiciais da Cañiza, Lalín e Pontevedra. Nesa mesma sesión dáse conta da petición por parte do Gobernador Civil das “causales” que impediron nomear a Leodegario Rubín polo distrito de Redondela. Tamén se comunica a renuncia ao cargo de deputado provincial polo Partido Xudicial de Redondela, o señor Ramón Martínez Saco.

Na sesión do **2 de novembro de 1854** dáse conta da “constitución” do señor Juan Ramón Patiño como Comisión Permanente e procederá a aprobar a elección do deputado provincial polo Partido Xudicial de Pontevedra, en substitución de José María Santos:

1854-11-02 → Joaquín Baeza Pontevedra

Entre a sesión do 14 e 16 de novembro reaparece o señor Atanasio Fontano, deputado polo Partido Xudicial de Vigo, dimitido na sesión do 2 de setembro sendo substituído polo señor José Ramón Fernández na sesión do día 14 dese mesmo mes. A pesar de non constar en acta a súa reincorporación, a partir da sesión do 16 de novembro asistirá a maioría das sesións do Pleno coincidindo co seu substituto do distrito de Vigo. Por tanto, e estando vacante a praza do Partido Xudicial de Redondela, intuímos que o señor Atanasio Fontano pasa a ocupar ese posto que, por outra parte, xa ocupara noutros períodos lexislativos.

1854-11-16 → Atanasio Fontano Redondela

Na sesión do **24 de novembro de 1854** dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial polo Partido Xudicial de Lalín, sendo admitido na sesión do día 27 do mesmo mes:

1854-11-24 → Manuel Otero Lalín

Na sesión do **11 de decembro de 1854** dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial polo Partido Xudicial de Cambados:

1854-12-11 → Benito Reino Cambados

Como podemos observar o ano 1854 é un ano moi convulso en canto a composición da corporación provincial dado o cesamento e nomeamento de numerosos deputados. Ao final do ano, aplicando os cambios acontecidos, e aínda que non asistan todos os deputados as sesións, a corporación estaría conformada polos seguintes señores:

Deputados provinciais a finais de 1854						
	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Reino	Benito	Deputado	Cambados	11-12-1854	30-07-1856
2	Amores	Ángel	Deputado	Cañiza, A	21-10-1854	30-07-1856
3	Fontano	Atanasio	Deputado	Redondela	16-11-1854	30-07-1856
4	Arias Seoane	Antonio	Deputado	Ponteareas	20-08-1854	30-07-1856
5	Areal	Antonio	Deputado	Tui	20-08-1854	30-07-1856
6	Fernández	José Ramón	Deputado	Vigo	14-09-1854	30-07-1856
7	Otero	Manuel	Deputado	Lalín	24-11-1854	30-07-1856
8	Quiroga y Losada	José	Deputado	Caldas de Reis	08-09-1854	30-07-1856
9	Suárez	Valentín	Deputado	Ponte Caldelas	25-08-1854	30-07-1856
10	Baeza	Joaquín	Deputado	Pontevedra	02-11-1854	30-07-1856
11	Fontenla	Juan Manuel	Deputado	Tabeirós	20-08-1854	30-07-1856

No ano 1855 tamén haberá cambios na conformación da corporación provincial. Na sesión ordinaria do **16 de marzo de 1855** dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial do Partido Xudicial de Tui:

1855-03-16 → Miguel Tieso Tui

Na sesión do **17 de marzo de 1855** dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial do Partido Xudicial de Ponteareas:

1855-03-17 → Ramón Bugallal Ponteareas

Na sesión do **20 de xullo de 1855** dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial do Partido Xudicial de Pontevedra:

1855-07-20 → Juliá Noboa Limeses Pontevedra

Na sesión **25 de abril de 1856** dáse conta da renuncia do deputado provincial de Ponte Caldelas, Valentín Suárez, por teren sido nomeado Xuíz de Primeira Instancia de Caldas.

Na sesión do **26 de abril de 1856** dáse conta da vacante do Partido Xudicial de Redondela dado que tras o recurso imposto por Leodegario Rubín sobre seu dereito a acta provincial, este está exercendo o cargo de Promotor Fiscal fóra de Galicia polo que, a pesar de gañar tal recurso, non está en disposición de ocupar dito cargo.

Na sesión do **15 de maio de 1856** dáse conta do nomeamento dos novos deputados polo Partido Xudicial de Ponte Caldelas e do Partido Xudicial de Redondela:

1856-05-26 → Ramón Portela Vidal Ponte Caldelas

1856-05-26 → Ramón Martínez Saco Redondela

Na sesión do **28 de maio de 1856** dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial do Partido Xudicial de Lalín:

1856-05-28 → Antonio Fuciños Lalín

CORPORACIÓN PROVINCIAL (30-07-1856 / 10-10-1856)

Baixo a presidencia de Manuel Alcayde, Gobernador da provincia, reuníronse os deputados, na sesión do **30 de xullo de 1856**, para proceder á constitución da nova corporación provincial de conformidade á Circular do 26 de xullo de 1856, con asistencia dos seguintes señores deputados:

1856-07-30 →	Francisco Antonio Riestra	Pontevedra
1856-07-30 →	José Garrido	Vigo
1856-07-30 →	José Buceta Ramírez	Cambados
1856-07-30 →	Juan Gregorio Maceira	Tui
1856-07-30 →	Joaquín Vázquez de Puga	Cañiza, A
1856-07-30 →	Ángel Amores	Ponteareas
1856-07-30 →	Eduardo Matos	Ponte Caldelas
1856-07-30 →	Marcial Valladares	Tabeirós
1856-07-30 →	José Mateo Otero	Redondela

Dáse conta de que José Garrido foi nomeado en substitución de Joaquín Yáñez Rodríguez (Vigo) e José Mateo Otero en substitución de Manuel Troncoso y Almansa (Redondela). Unha vez tomada posesión ficará instalada a nova Deputación provincial coa ausencia dos representantes de Lalín e Caldas de Reis.

Na sesión do 31 de xullo de 1856 dáse conta do nomeamento do novo deputado do Partido Xudicial de Lalín:

1856-07-31 →	José Espinosa	Lalín
--------------	---------------	-------

Na sesión do 5 de agosto de 1856 dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial do Partido Xudicial do Caldas de Reis:

1856-07-31 →	Lorenzo Varela y Sarmiento	Caldas de Reis
--------------	----------------------------	----------------

(30-07-1856 / 10-10-1856)

	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Buceta Ramírez	José	Deputado	Cambados	30-07-1856	10-10-1856
2	Vázquez de Puga	Joaquín	Deputado	Cañiza, A	30-07-1856	10-10-1856
3	Otero	José Mateo	Deputado	Redondela	30-07-1856	10-10-1856
4	Amores	Ángel	Deputado	Ponteareas	30-07-1856	10-10-1856
5	Maceira	Juan Gregorio	Deputado	Tui	30-07-1856	10-10-1856
6	Garrido	José	Deputado	Vigo	30-07-1856	10-10-1856
7	Espinosa	José	Deputado	Lalín	30-07-1856	10-10-1856
8	Varela y Sarmiento	Lorenzo	Deputado	Caldas de Reis	30-07-1856	10-10-1856
9	Matos	Eduardo	Deputado	Ponte Caldelas	30-07-1856	10-10-1856
10	Riestra	Francisco Antonio	Deputado	Pontevedra	30-07-1856	10-10-1856
11	Valladares	Marcial	Deputado	Tabeirós	30-07-1856	10-10-1856

Non obstante, esta composición da corporación será efémera dada a aprobación das Reais Ordes do 13 de agosto e 8 de setembro de 1856 clareando certos aspectos sobre a conformación das Deputacións Provinciais. Xa que logo, estas parece que non se constituíron de conformidade ás circulares emitidas o día 26 de xullo.

CORPORACIÓN PROVINCIAL (10-10-1856 / 12-12-1856)

Baixo a presidencia de Bartolomé Romero Leal, Gobernador da provincia, reuníronse os deputados, na sesión do **10 de outubro de 1856**, para proceder á constitución da nova corporación provincial de conformidade á Circular do 26 de xullo de 1856, e ás Reais Ordes do 13 de agosto e 8 de setembro de 1856. Desta forma, sería nomeados os seguintes señores deputados:

1856-10-10 →	Julián Noboa y Limeses	Pontevedra
1856-10-10 →	Ramón Portela Vidal	Ponte Caldelas
1856-10-10 →	Juan Ramón Patiño	Cambados
1856-10-10 →	Ignacio Caballero	Cañiza, A
1856-10-10 →	Roque Suárez	Redondela
1856-10-10 →	Francisco Javier Martínez de Arce y Enriquez (Marqués de Valladares)	Vigo
1856-10-10 →	Lorenzo Varela y Sarmiento	Caldas Reis
1856-10-10 →	Ramón Villar	Lalín
1856-10-10 →	Juan Gregorio Maceira	Tui
1856-10-10 →	Ángel Amores	Ponteareas
1856-10-10 →	Marcial Valladares	Tabeirós

Xa que logo a corporación provincial ficaría composta cos deputados anteriormente citados:

[10-10-1856 / 12-12-1856]						
	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Patiño	Juan Ramón	Deputado	Cambados	10-10-1856	12-12-1856
2	Caballero	Ignacio	Deputado	Cañiza, A	10-10-1856	12-12-1856
3	Suárez	Roque	Deputado	Redondela	10-10-1856	12-12-1856
4	Amores	Ángel	Deputado	Ponteareas	10-10-1856	12-12-1856
5	Maceira	Juan Gregorio	Deputado	Tui	10-10-1856	12-12-1856
6	Martínez de Arce y Enríquez	Francisco Javier	Deputado	Vigo	10-10-1856	12-12-1856
7	Villar	Ramón	Deputado	Lalín	10-10-1856	12-12-1856

8	Varela y Sarmiento	Lorenzo	Deputado	Caldas de Reis	10-10-1856	12-12-1856
9	Portela Vidal	Ramón	Deputado	Ponte Caldelas	10-10-1856	12-12-1856
10	Noboa y Limeses	Jualián	Deputado	Pontevedra	10-10-1856	12-12-1856
11	Valladares	Marcial	Deputado	Tabeirós	10-10-1856	12-12-1856

Da mesma forma que a anterior corporación, a constituída o 10 de outubro terá unha actividade efémera xa que na sesión do 12 de decembro voltará ser anovada.

CORPORACIÓN PROVINCIAL (12-12-1856 / 18-07-1858)

Baixo a presidencia de Luciano Quiñones de León, Gobernador da provincia, reuníronse os deputados, na sesión do **12 de decembro de 1856**, para proceder á reorganización da corporación provincial de conformidade á Real Orde do 13 de novembro. Os deputados nomeados serán:

1856-12-12 →	Francisco Javier Martínez de Arce y Enriquez	
	(Marqués de Valladares)	Vigo
1856-12-12 →	Ignacio Caballero	Ponteareas
1856-12-12 →	Juan Gregorio Maceira	Tui
1856-12-12 →	Manuel Troncoso y Almansa	Redondela
1856-12-12 →	Francisco Antonio Riestra	Pontevedra
1856-12-12 →	José Buceta Ramírez	Cambados
1856-12-12 →	Joaquín Vázquez de Puga	Cañiza, A
1856-12-12 →	Antolín Esperón	Ponte Caldelas
1856-12-12 →	Marcial Valladares	Tabeirós
1856-12-12 →	Lorenzo Varela y Sarmiento	Caldas de Reis
1856-12-12 →	José Espinosa	Lalín

Tras a elección do secretario e vicesecretario da Deputación, recaendo en Lorenzo Varela y Sarmiento e Marcial Valladares, ficou constituída a corporación provincial:

[12-12-1856 / 18-07-1858]						
	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Buceta Ramírez	José	Deputado	Cambados	12-12-1856	18-07-1858
2	Vázquez de Puga	Joaquín	Deputado	Cañiza, A	12-12-1856	18-07-1858
3	Troncoso y Almansa	Manuel	Deputado	Redondela	12-12-1856	18-07-1858
4	Caballero	Ignacio	Deputado	Ponteareas	12-12-1856	18-07-1858
5	Maceira	Juan Gregorio	Deputado	Tui	12-12-1856	18-07-1858
6	Martínez de Arce y Enríquez	Francisco Javier	Deputado	Vigo	12-12-1856	18-07-1858
7	Espinosa	José	Deputado	Lalín	12-12-1856	18-07-1858

8	Varela y Sarmiento	Lorenzo	Deputado	Caldas de Reis	12-12-1856	18-07-1858
9	Esperón	Antolín	Deputado	Ponte Caldelas	12-12-1856	18-07-1858
10	Riestra	Francisco Antonio	Deputado	Pontevedra	12-12-1856	18-07-1858
11	Valladares	Marcial	Deputado	Tabeirós	12-12-1856	18-07-1858

Na sesión do **26 de setembro de 1857** dáse conta do falecemento do deputado provincial polo Partido Xudicial de Pontearreas, o señor Ignacio Caballero.

Na sesión do **20 de abril de 1858** dáse conta do cesamento do representante do distrito de Ponte Caldelas, Antolín Esperón por ter sido nomeado como catedrático de instituto.

CORPORACIÓN PROVINCIAL (18-07-1858 / 15-02-1860)

Baixo a presidencia de José María Pardo, Gobernador da provincia, reuníronse os deputados, na sesión do **18 de xullo de 1858**, para proceder á reorganización da corporación provincial de conformidade ao Real Decreto do 23 de maio de 1858 que ordenaba a constitución da deputación tal como estaba establecido na Lei do 8 de xaneiro de 1845. Os deputados nomeados serán:

1858-07-18 →	Manuel Troncoso y Almansa	Redondela
1858-07-18 →	Joaquín Yáñez Rodríguez	Vigo
1858-07-18 →	Ramón Sancho	Pontevedra
1858-07-18 →	José Antonio Araujo López	Cambados

Na sesión do **22 de agosto de 1858** toma posesión o novo deputado provincial polo Partido Xudicial de Tui:

1858-08-22 →	Juan Gregorio Maceira	Tui
--------------	-----------------------	-----

Nesta mesma, sesión faise referencia ao deputado provincial Lorenzo Varela y Sarmiento do Partido Xudicial de Caldas de Reis.

1858-08-22 →	Lorenzo Varela y Sarmiento	Caldas de Reis
--------------	----------------------------	----------------

Seguindo a lóxica das renovacións por metades das corporacións provinciais, establecida no artigo sexto da Lei do oito de xaneiro de 1845, e seguida en anos anteriores, os deputados citados coinciden exactamente cos Partidos Xudiciais que se renovaban conxuntamente. Desta forma, entendemos que os restantes distritos electorais ficarían co mesmo representante a pesar de que tan só dous deputados aparecen citados nas actas posteriores á sesión constitutiva do 18 de xullo de 1858. Así pois, a corporación provincial estaría conformada polos seguintes señores deputados:

(18-07-1858 / 15-02-1860)						
	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Araujo López	José Antonio	Deputado	Cambados	18-07-1858	15-02-1860
2	Vázquez de Puga	Joaquín	Deputado	Cañiza, A	18-07-1858	15-02-1860
3	Troncoso y Almansa	Manuel	Deputado	Redondela	18-07-1858	15-02-1860
4	Amores	Ángel	Deputado	Ponteareas	18-07-1858	15-02-1860
5	Maceira	Juan Gregorio	Deputado	Tui	18-07-1858	15-02-1860
6	Yáñez Rodríguez	Joaquín	Deputado	Vigo	18-07-1858	15-02-1860
7	Espinosa	José	Deputado	Lalín	18-07-1858	15-02-1860

8	Varela y Sarmiento	Lorenzo	Deputado	Caldas de Reis	18-07-1858	15-02-1860
9	Araujo y Alcalde	Manuel	Deputado	Ponte Caldelas	18-07-1858	15-02-1860
10	Sancho	Ramón	Deputado	Pontevedra	18-07-1858	15-02-1860
11	Gómez Díaz	Manuel	Deputado	Tabeirós	18-07-1858	15-02-1860

Na sesión do **27 de novembro de 1858** xurarán o cargo de deputados provinciais polos Partidos Xudiciais de Ponteareas e Lalín

1858-11-27 → Ángel Amores Ponteareas

1858-11-27 → José Espinosa Lalín

Desde a sesión do **27 de novembro de 1858** presidirá a corporación Marcial Valladares, o que era deputado provincial por Tabeirós, como Gobernador Interino. Por tanto, tería que ter cesado como deputado por existir incompatibilidade de cargos.

Na sesión do **15 de decembro de 1859** dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial polo Partido Xudicial de Ponte Caldelas:

1859-12-15 → Manuel Araujo y Alcalde Ponte Caldelas

Na sesión do **16 de decembro de 1859** dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial polo Partido Xudicial de Tabeirós:

1859-12-16 → Manuel Gómez Tabeirós

Finalmente, ao comezo do ano 1860, a corporación sería renovada novamente.

CORPORACIÓN PROVINCIAL (15-02-1860 / 01-04-1862)

Baixo a presidencia de Ramón María Suárez, Gobernador da provincia, reuníronse os deputados, na sesión do **15 de febreiro de 1860**, para proceder á renovación parcial da corporación provincial de conformidade co Real Decreto do 6 de febreiro de 1860 e coa Lei do 8 de xaneiro de 1845. Reunidos os señores deputados procederáse ao sorteo dos Partidos Xudiciais que terán de ser renovados: Caldas de Reis, Lalín, Ponte Caldelas, Redondela, Ponteareas e Tui.

Na sesión do **17 de abril de 1860** será nomeados deputados provinciais por ditos partidos os seguintes señores:

1860-04-17 →	Lorenzo Varela y Sarmiento	Caldas de Reis
1860-04-17 →	José Espinosa	Lalín
1860-04-17 →	Valentín Suárez	Ponte Caldelas
1860-04-17 →	Manuel Troncoso y Almansa	Redondela
1860-04-17 →	Francisco Javier de Barros	Ponteareas
1860-04-17 →	Basilio Besada	Tui

Xa que logo, a corporación ficará composta polo seguintes deputados provinciais:

(17-04-1860 / 01-04-1862)						
	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Araujo López	José Antonio	Deputado	Cambados	17-04-1860	01-04-1862
2	Vázquez de Puga	Joaquín	Deputado	Cañiza, A	17-04-1860	01-04-1862
3	Troncoso y Almansa	Manuel	Deputado	Redondela	17-04-1860	01-04-1862
4	Barros	Francisco Javier de	Deputado	Ponteareas	17-04-1860	01-04-1862
5	González Besada	Basilio	Deputado	Tui	17-04-1860	01-04-1862
6	Yáñez Rodríguez	Joaquín	Deputado	Vigo	17-04-1860	01-04-1862
7	Espinosa	José	Deputado	Lalín	17-04-1860	01-04-1862
8	Varela y Sarmiento	Lorenzo	Deputado	Caldas de Reis	17-04-1860	01-04-1862
9	Suárez	Valentín	Deputado	Ponte Caldelas	17-04-1860	01-04-1862
10	Sancho	Ramón	Deputado	Pontevedra	17-04-1860	01-04-1862
11	Gómez Díaz	Manuel	Deputado	Tabeirós	17-04-1860	01-04-1862

Na sesión do **18 de xaneiro de 1861** dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial polo Partido Xudicial de Pontevedra:

1861-01-18 →

Manuel Sánchez

Cañiza, A

1861-01-18 →

Ramón Portela Vidal

Ponte Caldelas

CORPORACIÓN PROVINCIAL (01-04-1862 / 01-01-1864)

Baixo a presidencia de Cosme Errea, Gobernador da provincia, reuníronse os deputados, na sesión do **1 de abril de 1862**, para proceder á renovación parcial da corporación provincial de conformidade co Real Decreto do 7 de febreiro de 1862. Esta renovación afectará aos Partidos Xudiciais de Vigo, Cambados, Pontevedra, A Cañiza e Caldas de Reis.

1862-04-01 →	Joaquín Yáñez	Vigo
1862-04-01 →	Manuel Mosquera	Cambados
1862-04-01 →	Francisco Antonio Riestra	Pontevedra
1862-04-01 →	Alejandro Marquina	Cañiza, A
1862-04-01 →	Benito Varela Torres	Caldas de Reis

Xa que logo, a nova corporación ficará composta polos seguintes señores deputados:

[01-04-1862 / 01-01-1864]						
	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Mosquera	Manuel	Deputado	Cambados	01-04-1862	01-01-1864
2	Marquina	Alejandro	Deputado	Cañiza, A	01-04-1862	01-01-1864
3	Troncoso y Almansa	Manuel	Deputado	Redondela	01-04-1862	01-01-1864
4	Barros	Francisco Javier de	Deputado	Ponteareas	01-04-1862	01-01-1864
5	González Besada	Basilio	Deputado	Tui	01-04-1862	01-01-1864
6	Yáñez Rodríguez	Joaquín	Deputado	Vigo	01-04-1862	01-01-1864
7	Espinosa	José	Deputado	Lalín	01-04-1862	01-01-1864
8	Varela Torres	Francisco	Deputado	Caldas de Reis	01-04-1862	01-01-1864
9	Portela Vidal	Ramón	Deputado	Ponte Caldelas	01-04-1862	01-01-1864
10	Riestra	Francisco Antonio	Deputado	Pontevedra	01-04-1862	01-01-1864
11	Gómez Díaz	Manuel	Deputado	Tabeirós	01-04-1862	01-01-1864

CORPORACIÓN PROVINCIAL (01-01-1864 / 01-02-1866)

Baixo a presidencia de Vicente Calderón, Conde de San Juan e Gobernador da provincia, reuníronse os deputados, na sesión do **1 de xaneiro de 1864**, para proceder á renovación da corporación provincial de conformidade á nova Lei do 25 de setembro de 1863 relativa ao goberno e administración das provincias. Algunha das novidades máis destacables desta nova normativa serán as seguintes:

No seu artigo 21 establécese que as deputacións provinciais estarán compostas por tanto deputados como Partidos Xudiciais teña a Provincia a excepción daqueles distritos nos que se superen as 30.000 almas que elixirán dous representantes.

No seu artigo 36 indícase que o Gobernador presidirá as sesións da corporación cando asista ás mesmas.

No seu artigo 37 establécese que a deputación elixirá un presidente de entre os seus membros no primeiro día de cada reunión ordinaria ou extraordinaria.

Iniciada a sesión, o secretario procederá á lectura do título terceiro da referida lei para posteriormente examinar as actas dos novos deputados provinciais:

1864-01-01 →	Cándido Furriel	Tabeirós
1864-01-01 →	José María López	Pontevedra
1864-01-01 →	José Benito Rubiños	Pontevedra
1864-01-01 →	Francisco Garrido	Ponte Caldelas
1864-01-01 →	José Pérez Hermida	Tui
1864-01-01 →	Joaquín Ángel	Tui
1864-01-01 →	Pedro Antonio Barros	Caldas de Reis
1864-01-01 →	Ramón de la Maza	Cambados
1864-01-01 →	Pedro María Pardo	Cambados
1864-01-01 →	Manuel Sánchez	Cañiza, A
1864-01-01 →	Francisco Javier Barros	Ponteareas
1864-01-01 →	Ignacio Alcalde	Ponteareas

1864-01-01 →	José Espinosa Salgado	Lalín
1864-01-01 →	Ramón Villar González	Lalín
1864-01-01 →	Ramón Martínez Saco	Redondela
1864-01-01 →	Javier Quiroga	Vigo
1864-01-01 →	Miguel Vidal	Vigo
1864-01-01 →	Victoriano Granados	Tabeirós

(01-01-1864 / 01-02-1866)						
	Apellidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Martínez Saco	Ramón	Presidente	Redondela	01-01-1864	01-02-1866
2	Maza	Ramón María de la	Deputado	Cambados	01-01-1864	01-02-1866
3	Pardo	Pedro María	Deputado	Cambados	01-01-1864	01-02-1866
4	Sánchez	Manuel	Deputado	Cañiza, A	01-01-1864	01-02-1866
5	Barros	Francisco Javier	Deputado	Ponteareas	01-01-1864	01-02-1866
6	Alcalde	Ignacio	Deputado	Ponteareas	01-01-1864	01-02-1866
7	Pérez Hermida	José	Deputado	Tui	01-01-1864	01-02-1866
8	Ángel	Joaquín	Deputado	Tui	01-01-1864	01-02-1866
9	Quiroga	Javier	Deputado	Vigo	01-01-1864	01-02-1866
10	Vidal	Miguel	Deputado	Vigo	01-01-1864	01-02-1866
11	Espinosa Salgado	José	Deputado	Lalín	01-01-1864	01-02-1866
12	Villar González	Ramón	Deputado	Lalín	01-01-1864	01-02-1866
13	Barros	Pedro Antonio	Deputado	Caldas de Reis	01-01-1864	01-02-1866
14	Garrido	Francisco	Deputado	Ponte Caldelas	01-01-1864	01-02-1866
15	López	José María	Deputado	Pontevedra	01-01-1864	01-02-1866
16	Rubiños	José Benito	Deputado	Pontevedra	01-01-1864	01-02-1866
17	Furriel	Cándido	Deputado	Tabeirós	01-01-1864	01-02-1866
18	Granados	Victoriano	Deputado	Tabeirós	01-01-1864	01-02-1866

Unha vez tomada posesión dos seus cargos procederase a elección de presidente da corporación saíndo elixido o señor Ramón Martínez Saco

Na sesión do **5 de abril de 1864** dáse conta da elección do novo deputado polo Partido Xudicial de Cambados en substitución de Pedro María Pardo:

1864-04-05 → Javier Mugartegui Cambados

Nesa mesma sesión sería elixido un novo Presidente recaendo, novamente, en Ramón Martínez Saco.

Na sesión do **6 de abril de 1864** dáse conta da incompatibilidade dos señores deputados Manuel Sánchez (A Cañiza) e Ignacio Alcalde (Ponteareas) e da suspensión das actas dos representantes de Vigo.

Na sesión do 11 de maio de 1864 dáse conta da elección dos novos deputados provinciais do Partido Xudicial de Vigo:

1864-05-11 → Melitón Suárez de Puga Vigo

1864-05-11 → José Saavedra Costas Vigo

Na sesión do **5 de agosto de 1864** dáse conta da elección do novo deputado provincial do Partido Xudicial da Cañiza. Non obstante, antes de ser nomeado examínase a aptitude legal do deputado en cuestión. Na sesión do **8 de agosto 1864** é aprobada a acta do deputado:

1864-08-06 → José María Moure y Vázquez Cañiza, A

Na sesión do **7 de outubro de 1864** dáse conta da elección do novo deputado provincial polo Partido Xudicial de Caldas de Reis. Sorprendentemente o anterior deputado por este partido, Pedro Antonio Barros, continúa actuando como tal xa que ambos asisten as sesións posteriores

1864-10-07 → José Pérez Caldas de Reis

CORPORACIÓN PROVINCIAL (01-02-1866 / 01-01-1867)

Baixo a presidencia de Ramón Posada, Gobernador da provincia, reuníronse os deputados, na sesión do **1 de febreiro de 1866**, para proceder á renovación parcial da corporación provincial de conformidade ao artigo 21 da Lei do 25 de setembro de 1863 e ao Real Decreto do 7 de xaneiro de 1866.

Iniciada a sesión os señores deputados presentarán as súas credenciais:

1866-02-01 →	Eduardo Matos	Pontevedra
1866-02-01 →	Benito Limeses	Pontevedra
1866-02-01 →	Javier Quiroga Aballe	Ponteareas
1866-02-01 →	José Pérez Fernández	Caldas de Reis
1866-02-01 →	Cándido Furriel	Tabeirós
1866-02-01 →	José Sieiro Taboada	Tabeirós
1866-02-01 →	Joaquín Ángel	Tui
1866-02-01 →	José Pérez Hermida	Tui
1866-02-01 →	Jovita Goyanes Losada	Lalín
1866-02-01 →	Ramón Villar González	Lalín

(01-02-1866 / 01-01-1867)						
	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Villar González	Ramón	Presidente	Lalín	01-02-1866	01-01-1867
2	Martínez Saco	Ramón	Presidente	Redondela	01-02-1866	01-01-1867
3	Maza	Ramón María de la	Deputado	Cambados	01-02-1866	01-01-1867
4	Mugartegui	Francisco Javier	Deputado	Cambados	01-02-1866	01-01-1867
5	Moure y Vázquez	José María	Deputado	Cañiza, A	01-02-1866	01-01-1867
6	Quiroga Aballe	Javier	Deputado	Ponteareas	01-02-1866	01-01-1867
7	Barros Chicheri	Francisco Javier	Deputado	Ponteareas	01-02-1866	01-01-1867
8	Ángel	Joaquín	Deputado	Tui	01-02-1866	01-01-1867
9	Pérez Hermida	José	Deputado	Tui	01-02-1866	01-01-1867
10	Suárez de Puga	Melitón	Deputado	Vigo	01-02-1866	01-01-1867

11	Saavedra Costas	José	Deputado	Vigo	01-02-1866	01-01-1867
12	Goyanes Losada	Jovita	Deputado	Lalín	01-02-1866	01-01-1867
13	Pérez Fernández	José	Deputado	Caldas de Reis	01-02-1866	01-01-1867
14	Barros	Pedro Antonio	Deputado	Caldas de Reis	01-02-1866	01-01-1867
15	Garrido	Francisco	Deputado	Ponte Caldelas	01-02-1866	01-01-1867
16	Matos	Eduardo	Deputado	Pontevedra	01-02-1866	01-01-1867
17	Limeses	Benito	Deputado	Pontevedra	01-02-1866	01-01-1867
18	Furriel	Cándido	Deputado	Tabeirós	01-02-1866	01-01-1867
19	Sieiro Taboada	José	Deputado	Tabeirós	01-02-1866	01-01-1867

Na sesión nocturna do 1 de febreiro de 1866 elixírase ao presidente da corporación recaendo en Ramón Villar.

Na sesión do 12 de abril de 1866 dáse conta do nomeamento do novo deputado provincial polo Partido Xudicial de Vigo en substitución de José Saavedra Costas:

1866-04-12 → Joaquín Yáñez Rodríguez Vigo

Unha vez tomada posesión do novo deputado voltaríase elixir ao presidente da corporación recaendo o cargo no novo deputado provincial Joaquín Yáñez Rodríguez.

CORPORACIÓN PROVINCIAL (01-01-1867 / 27-10-1868)

Baixo a presidencia de Juan Pérez Rey, Gobernador da provincia, reuníronse os deputados, na sesión do **1 de xaneiro de 1867**, para proceder á renovación da corporación provincial de conformidade ao Real Decreto do 21 de outubro de 1866 que ordenada disolver as deputacións provinciais e nomear novas corporacións. Nesta sesión serán nomeados os seguintes deputados:

1867-01-01 →	Manuel Cea Gándara	Vigo
1867-01-01 →	Francisco Solleiro Negrete	Vigo
1867-01-01 →	Manuel Ogando Tojo	Estrada, A
1867-01-01 →	Manuel María Sarmiento Gómez	Cañiza, A
1867-01-01 →	Ramón de la Maza	Cambados
1867-01-01 →	Francisco Javier Mugartegui	Cambados
1867-01-01 →	Francisco Garrido Cerviño	Ponte Caldelas
1867-01-01 →	Pedro Pardo Vilariño	Lalín
1867-01-01 →	Juan Ramón Mosquera y Vázquez	Caldas de Reis
1867-01-01 →	Joaquín Ángel	Tui

Acta seguido foi elixido o presidente da corporación recaendo o cargo en Manuel Cea Gándara.

Na sesión do **2 de xaneiro de 1867** dáse conta do nomeamento do deputados provincial polo Partido de Caldas de Reis:

1867-01-02 →	Agustín Cobián y Seijas	Pontevedra
1867-01-02 →	José Pérez Fernández	Caldas de Reis

Na sesión do **3 de xaneiro de 1867** dáse conta da ausencia do deputado provincial polo Partido Xudicial de Pontearreas Francisco Javier Barros. Non obstante, na sesión do **24 de abril de 1867** tamén se indica que renuncia ao cargo de deputado provincial por ter sido elixido deputado ás Cortes.

Na sesión do **4 de xaneiro de 1867** dáse conta da toma de posesión dos deputados dos Partidos Xudiciais de Redondela e Lalín:

1867-01-04 →	Manuel Troncoso y Almansa	Redondela
1867-01-04 →	José Varela Cambón	Lalín

Na sesión do **5 de xaneiro de 1867** fai acto de presenza o deputado polo Partido Xudicial de Tui:

1867-01-05 → José Pérez Hermida Tui

Na sesión do **8 de xaneiro de 1867** dáse conta do nomeamento do deputado provincial polo Partido Xudicial da Estrada/Tabeirós.

1867-01-08 → Julián Paseiro Andujar Estrada, A

Na sesión do 9 de xullo de 1867 toma posesión o novo deputado provincial polo Partido Xudicial de Pontevedra:

1867-07-09 → José Urrutia y Caballero Pontevedra

Na sesión do **28 de xullo de 1867** dáse conta do nomeamento do deputado provincial do Partido Xudicial de Ponteareas:

1867-07-28 → Cayetano Arguelles Ponteareas

Non obstante, na sesión do **26 de novembro de 1867** infórmase de que o Partido Xudicial de Ponteareas ten as súas prazas vacantes polo que este deputado tería renuncia á súa acta.

(01-01-1867 / 27-10-1868)						
	Apelidos	Nome	Cargo	Distrito / Partido	Data nomeamento	Fin período sesións
1	Troncoso y Almansa	Manuel	Deputado	Redondela	01-01-1867	27-10-1868
2	Maza	Ramón de la	Deputado	Cambados	01-01-1867	27-10-1868
3	Mugartegui	Francisco Javier	Deputado	Cambados	01-01-1867	27-10-1868
4	Sarmiento Gómez	Manuel María	Deputado	Cañiza, A	01-01-1867	27-10-1868
5	Barros Chicheri	Francisco Javier	Deputado	Ponteareas	01-01-1867	27-10-1868
6	Arguelles	Cayetano	Deputado	Ponteareas	01-01-1867	27-10-1868
7	Ángel	Joaquín	Deputado	Tui	01-01-1867	27-10-1868
8	Pérez Hermida	José	Deputado	Tui	01-01-1867	27-10-1868
9	Cea Gándara	Manuel	Deputado	Vigo	01-01-1867	27-10-1868
10	Solleiro Negrete	Francisco	Deputado	Vigo	01-01-1867	27-10-1868
11	Pardo Vilariño	Pedro María	Deputado	Lalín	01-01-1867	27-10-1868
12	Varela Cambón	José	Deputado	Lalín	01-01-1867	27-10-1868
13	Mosquera y Vázquez	Juan Ramón	Deputado	Caldas de Reis	01-01-1867	27-10-1868
14	Pérez Fernández	José	Deputado	Caldas de Reis	01-01-1867	27-10-1868
15	Garrido Cerviño	Francisco	Deputado	Ponte Caldelas	01-01-1867	27-10-1868

16	Cobián y Seijas	Agustín	Deputado	Pontevedra	01-01-1867	27-10-1868
17	Urrutia y Caballero	José	Deputado	Pontevedra	01-01-1867	27-10-1868
18	Ogando Tojo	Manuel	Deputado	Estrada, A	01-01-1867	27-10-1868
19	Paseiro Andújar	Julián	Deputado	Estrada, A	01-01-1867	27-10-1868

Esta composición da corporación manterase até a Revolución Gloriosa de 1868 que dará paso ao Sexenio Democrático. Neste novo período político a deputación cambiará a súa composición coa designación de novos rexedores provinciais.